



Concello do Porriño

DOCUMENTACIÓN PREPARATORIA CONTRATO DE CONCESIÓN DEL PARKING MUNICIPAL

**REGULAMENTO XERAL DE RÉXIME INTERIOR DO SERVIZO DO APARCADOIRO
SOTERRADO MUNICIPAL SITO NA AVENIDA DE GALICIA, NO CONCELLO DO PORRIÑO**

**REGULAMENTO XERAL DE RÉXIME INTERIOR DO SERVIZO
DO APARCADOIRO SOTERRADO MUNICIPAL SITO NA
AVENIDA DE GALICIA, NO CONCELLO DO PORRIÑO**

ÍNDICE

TITULO I. CONSIDERACIÓNS XERAIS

TÍTULO II. MODALIDADES DE USO DAS PRAZAS DE APARCADOIRO

CAPÍTULO I. PRAZAS DE CESION PERMANENTE.

CAPÍTULO 2 . PRAZAS DE USUARIO ABONADO

CAPÍTULO 3 . PRAZAS DE USUARIO ABONADO

CAPÍTULO 4. PRAZAS DE USUARIO DE ROTACIÓN

TÍTULO III. OUTRAS INSTALACIÓNS

TITULO IV. INSPECCIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME DE EXPLOTACIÓN

DISPOSICIÓN FINAL

TITULO I. CONSIDERACIÓNS XERAIS

ARTIGO 1

O presente regulamento de réxime interior ten por obxecto regulamentar o réxime de uso, desfrute, funcionamento e mantemento do devandito aparcadoiro, en réxime de concesión administrativa municipal e suxeito aos termos da mesma.

ARTIGO 2

Este regulamento é de observación obrigatoria para a empresa concesionaria da explotación do aparcadoiro, para os seus empregados e tamén para os usuarios ou calquera outra persoa que se poida atopar no interior do mesmo, ou nos seus accesos, en calquera momento.

O concesionario velará polo cumprimento das normas contidas neste regulamento e porá en coñecemento do Concello, titular do servizo público, calquera transgresión do regulamento ou de calquera outra normativa vixente de aplicación.

Os usuarios e outras persoas que se poidan atopar no interior do aparcadoiro ou nos seus accesos haberán de respectar e acatar as indicacións que reciban dos empregados da concesionaria destinadas a velar polo cumprimento deste regulamento e de calquera outra disposición da autoridade competente e das que fora necesario adoptar puntualmente para manter o servizo público axeitado ás circunstancias.

ARTIGO 3

As prazas de aparcadoiro serán destinadas ao estacionamento de vehículos automóbiles lixeiros (coches, motocicletas, ciclomotores e furgonetas de MMA < 3.500 kg), prohibíndose destinala a calquera outro fin.

Distínguense os seguintes tipos de usuarios:

A) Aparcamento para aluguer:



- Usuarios de rotación. Son aqueles usuarios que sen reserva de praza, utilizan o aparcadoiro conforme chegan ao mesmo polo número de horas que estimen conveniente. Mediante o pagamento dunha tarifa, adquire o dereito de uso temporal dunha praza de aparcamento indiscriminada sen carácter exclusivo.

Defínense dúas modalidades de tarifas:

- Fracción horaria
- 24 horas

-Usuarios de rotación de abono. Son aqueles usuarios que sen reserva de praza, poderán adquirir un bono temporal que lles permitirá o uso do aparcadoiro polas veces que llo permita o abono adquirido. Trátase dun usuario de rotación que adquire o dereito de uso de larga duración sobre unha praza de aparcamento de rotación, abonando a tarifa correspondente, e segundo o horario e período reflexado en contrato asinado.

Defínense diversas modalidades tarifarias:

-Abonados anuais

- Abonado 24 horas
- Abonado diúrno
- Motos 24 horas

- Abono por mensualidades

- Abonado 24 horas

B) Prazas para aparcamento de cesión permanente.

Son aqueles usuarios que adquirisen o dereito de uso dunha praza de aparcadoiro con carácter exclusivo, durante vinte anos.



ARTIGO 4

O horario do servizo do aparcadoiro será permanente, manténdose aberto 24 horas do día todos os días do ano, agás causa de forza maior. Calquera peche parcial das instalacións por reformas ou mantemento deberá ser previamente notificado ao Concello, aprobado polo mesmo, e deberá prever, no seu caso, o mantemento das prazas destinadas a cesión permanente durante o período provisional de peche parcial para garantir o dereito ao desfrute das prazas.

ARTIGO 5

O aparcadoiro é de carácter público. A utilización das prazas de aparcadoiro atenderá ás seguintes normas:

- a) As prazas serán destinadas ao estacionamento de vehículos automóbiles lixeiros (tales como motocicletas e ciclomotores, vehículos de tres rodas, cuadríciclos de motor, turismos, derivados de turismo, vehículo mixto adaptable, e furgonetas de m.m.a < 3.500 kg), prohibíndose destinalas a calquera outro fin. As motocicletas e ciclomotores deberán estacionarse nas prazas expresamente destinadas para as mesmas.
 - b) O acceso ao aparcadoiro implica a dispoñibilidade de prazas libres para o estacionamento do vehículo.
 - c) As prazas de estacionamento destinadas á rotación atribuiranse aos automóbiles polo orde da súa chegada, sen reservas nin preferencias de clase algunha e sen que poida ser rexeitado ningún vehículo automóbil lixeiro, agás no caso de que a súa admisión implicara perigo ou molestia para os demais usuarios. Exceptúanse as prazas reservadas para minusválidos, que só poderán ser utilizadas por usuarios que xustifiquen tal condición, debendo dispoñer do correspondente distintivo nun lugar visible mentres estea usando dita praza.
 - d) A distribución das prazas de estacionamento e a situación das instalacións e servizos será a mais axeitada para que tanto as operacións de entrada e saída do local como as de control e pagamento do estacionamento se efectúen coa maior comodidade e no menor
-



tempo posible.

e) O uso das prazas de rotación estará suxeito ao pagamento da tarifa correspondente. O cobro do importe total será o exacto consumido e o sistema de cobro devolverá a cantidade sobrance que corresponda.

f) En ningún caso permitirase aos usuarios de rotación e abonados o uso das prazas reservadas a cesión permanente, debendo dispoñer o aparcadoiro dos sistemas de sinalización oportunos.

g) No caso dos usuarios de cesión permanente, só poderán ocupar as prazas de aparcamento destinadas a este colectivo. Asemade, non poderán utilizar prazas de rotación. Se así o fixeran, terían as mesmas obrigas que os usuarios de rotación, debendo abonar as cantidades que correspondan de acordo coas tarifas aplicables a estes, sen dereito a ningún tipo de descanto.

h) A utilización de máis de una praza de aparcamento por un vehículo ou que impida a utilización de outras prazas, ben sexa polo seu tamaño, pola súa colocación incorrecta ou calquera outra causa, implicará a obrigatoriedade de abonar a tarifa correspondente ás prazas ocupadas.

i) Os usuarios serán responsables dos danos que causen nas instalacións do aparcamento ou a outros vehículos ou usuarios por dolo, culpa, negligencia ou infracción das normas establecidas no presente regulamento ou na lexislación aplicable.

j) Sobre a praza de aparcamento non se poderán realizar obras ou instalacións de elementos que modifiquen a súa configuración, distribución ou deseño de proxecto, así como pechamentos de calquera tipo, protectores de praza nin alteracións das marcas e sinalización que puidesen ter. De igual modo queda prohibido o uso de cepos, cadeas, barreiras e outros elementos alleos á praza que impidan o acceso á mesma.

k) As prazas de aparcamento non poderá ser modificadas dividíndoas para obter dous o máis prazas, nin agregala a outra para



formar unha nova praza, agás aquelas prazas que Concello e Concesionaria acorden modificar para uso de aparcamento de motocicletas, ou aquelas que estando destinadas a uso de motocicletas que por falta de demanda Concello e Concesionaria acorden modificar para uso de turismos.

l) As prazas están destinadas para o estacionamento dun só vehículo, non posibilitando o uso de máis vehículos na mesma praza (aparcadoiro de bicicletas, motocicletas, trasteiro ou similar) aínda que as dimensións permítano. As rúas de circulación, zoas peonís e, en xeral, os elementos comúns do aparcadoiro serán de u-so común e non poderán ser ocupados por vehículos ou partes dos mesmos, debendo estar estes estacionados de xeito correcto dentro da súa praza, sen saírse das marcas que a delimiten. Tampouco poderán ser engadidos a prazas colindantes para facer estas máis grandes ou cambialas de forma.

m) O aparcamento estará en servizo de xeito ininterrompido as vinte catro horas do día, incluíndo domingos e festivos, sen que poida pechase ao público en ningún momento, agás en casos de grave perigo ou sinistro, ou por interrupcións para executar obras ou outras causas que o xustifiquen, cuxo alcance e duración establecerá o Concello. En caso de peche parcial das instalacións debido a reformas ou mantemento, deberá notificarse con antelación ao Concello e preverse a reubicación das prazas reservadas a cesión permanente, en caso de ser afectadas polas obras, debendo sempre manterse dispoñible a dotación de prazas reservadas a este colectivo.

n) Os usuarios de cesión permanente e abonados libres disporán dun dispositivo persoal e intransferible de acceso ao aparcadoiro. No caso dos usuarios de rotación, o acceso ao aparcadoiro permitirase unha vez recollido o ticket de control de entrada, que reflexara a data e hora en que se produce, non permitíndose a entrada sen o mesmo.

o) O concesionario disporá de un servizo limpeza das instalacións do aparcadoiro. Todos os usuarios deberán velar polo bo mantemento do aparcadoiro, e teñen o deber de conservación do bo estado das instalacións evitando calquera deterioro do inmovible. Os usuarios deben poñer en coñecemento do persoal de control e vixilancia do parking toda novidade danosa que advirtan sobre as instalacións.



- p) Queda prohibido o verquido de calquera tipo de residuo fara das papeleiras ou puntos de recollida, derrame de líquidos e, en xeral, deben efectuar un correcto uso das instalacións. O persoal do aparcadoiro ostenta a facultade de apercibimento en caso de incumprimento destas abrigas, levando aparellada a resolución do contrato de arrendamento da praza de garaxe en caso de tratarse dunha praza de aparcamento de cesión permanente ou abonado libre e a expulsión do parking en caso de tratarse dunha praza de aparcamento de rotación.
- q) Todos os usuarios deberán seguir as indicacións que reciban do persoal de control e vixilancia do aparcadoiro, o cal poderá limitar o acceso a determinadas prazas ou modificar as condicións de tráfico do mesmo no caso de darse causas xustificadas.
- r) Todos os usuarios, no momento en que se permite o acceso ao aparcadoiro, terán dereito a usar as instalacións comúns do mesmo dispostas para tal fin, accesos peonís, ascensores, servizos, caixeiros automáticos, etc. Poderá autorizarse, por medida de seguridade, o peche dos accesos peonís e de vehículos, non obstante, os peonís poderán utilizarse como saídas de emerxencia. En todo caso, o horario de peche e as condicións do mesmo, serán fixadas polos Servizos Técnicos correspondentes encargados da inspección da explotación do Concello do Porriño, e os accesos pechados deberán sinalizarse debidamente. Asemade, todos os usuarios terán dereito á utilización das instalacións nas debidas condicións de seguridade, e a recibir un trato esmerado e educado por parte do persoal do aparcadoiro.
- s) Nas oficinas do concesionario existirán unhas follas de reclamacións para os usuarios, debidamente regulamentadas. O concesionario deberá remitir copia ao Concello do Porriño no prazo de 10 días naturais dende que a reclamación se produce, co correspondente informe de alegacións da concesionaria, que servirá de base para a resolución da reclamación. Nas caixas dos aparcadoiros, en lugar visible, existirá un cartel normalizado indicador da existencia de follas de reclamacións.
- t) O servizo estará dotado de persoal necesario para que a súa prestación se efectúe nas debidas condicións de seguridade e eficacia
-



evitando ao usuario calquera incomodidade, perigo ou demora.

u) O cadro de tarifas vixentes estará exposto permanentemente e de xeito que sexa facilmente visible polos usuarios.

v) A concesionaria permitirá, en calquera momento, que o Concello inspeccione o estado de conservación do aparcadoiro e de todas as súas instalacións.

w) Sen prexuízo do precedentemente establecido, no aparcadoiro non se permite:

1. O acceso de vehículos de altura ou peso superior ao indicado na sinalización exterior da rampla de entrada.
2. O acceso de vehículos de medidas superiores ás das prazas de aparcamento sinaladas.
3. O acceso de persoas que non utilicen os servizos do aparcamento, nin a permanencia innecesaria das mesmas unha vez utilizados tales servizos.
4. A entrada de animais de calquera especie, agás animais de compañía debidamente atados.
5. A introdución de materias combustibles, inflamables ou perigosas, agás, naturalmente, o carburante do depósito dos vehículos dos usuarios.
6. A circulación de peóns polas ramplas de acceso de entrada e saída de vehículos tanto as do exterior, como as de comunicación entre as plantas do aparcadoiro. Os peóns deberán utilizar obrigatoriamente as escaleiras ou ascensores que lles están destinados e cando transiten polo aparcadoiro o farán palas zonas habilitadas a tal efecto.
7. Prender fogos e fumar.
8. O acceso ás dependencias privadas da sen a debida autorización previa da concesionaria

x) En horas de pouca demanda e, especialmente, durante o horario nocturno poderán establecerse sistemas de peche, control ou seguridade nos accesos de vehículos e peóns, sen prexuízo dos correspondentes mecanismos de comunicación, apertura a distancia e saída libre permanente de persoas.



ARTIGO 6

- a) Para poder entrar no aparcadoiro co vehículo, cómpre que o usuario retire o ticket horario que lle expenderá a máquina situada a este efecto na rampla de entrada.
 - b) No caso de vehículos abonados, ou de cesión permanente, cómpre utilizar a tarxeta de subministrada polo concesionario.
 - c) Dentro do aparcadoiro e nos seus accesos o usuario deberá respectar estritamente: As normas da Lei de Seguridade Vial e os seus preceptos legais ou regulamentarios complementarios, a sinalización do tráfico tanto vertical como horizontal, a sinalización indicadora de calquera tipo que instale a empresa concesionaria, as indicacións que se fagan por escrito mediante carteis, as indicacións que efectúen verbalmente os empregados do aparcadoiro así como as normas deste Regulamento
 - d) A velocidade máxima de circulación no interior do aparcadoiro e nas súas rampas de acceso será de 10 km/h.
 - e) e) Non se permitirán os adelantamentos entre vehículos, agás que se trate de adiantar a un vehículo detido e a circulación o permita.
 - f) A marcha atrás soamente permítese nas manobras necesarias para o estacionamento do vehículo e, con carácter excepcional, en casos de absoluta necesidade.
 - g) No caso de avaría, o usuario terá que comunicalo aos empregados do aparcadoiro e seguir as instrucións que lle sexan indicadas no caso de que o vehículo entorpeza a circulación normal.
 - h) Non se permite circular en punto morto polas rampas de acceso ou interiores entre diferentes plantas, nin tampouco en calquera zoa do aparcamento onde a pendente o puidera permitir. Non se poderán usar as rampas para arrancar o motor do vehículo aproveitando a pendente.
-



ARTIGO 7

O servizo de aparcadoiro non constitúe un contrato de depósito do vehículo nin dos obxectos que puidese haber no seu interior. A empresa concesionaria, nin o Concello se fan responsables de calquera roubo, perda ou danos causados por terceiros ao vehículo ou ao seu contido. O condutor e o propietario do vehículo serán responsables de todas as lesións e danos que puidesen ocasionar co seu vehículo a persoas, outros vehículos, instalacións, estruturas, etc no aparcadoiro e nos seus accesos e terán que poñer en coñecemento inmediato dos empregados do aparcadoiro os danos ou lesións que houberan producido ou presenciado.

Os usuarios causantes de accidentes terán a obriga de subscribir, antes de saír do aparcadoiro, unha declaración na que consten os danos ou prexuízos ocasionados.

TÍTULO II. MODALIDADES DE USO DAS PRAZAS DE APARCADOIRO

Establécense as seguintes normas particulares atendendo ás distintas modalidades de uso das prazas de aparcamento:

CAPÍTULO I. PRAZAS DE CESIÓN PERMANENTE.

ARTIGO 8

O número de prazas destinadas a esta modalidade, nas súas variantes de automóbiles e motocicletas, será o establecido no contrato de concesión asinado entre o Concello e a Concesionaria.

ARTIGO 9

Titulares do dereito de solicitude de cesión permanente:

- a) Terán dereito a solicitar estas prazas, as persoas físicas propietarias ou condutoras habituais de vehículo, que residan de feito e figuren empadroadas no Concello do Porriño e que acrediten a súa condición documentalmente.
-



- b) Para os residentes con minusvalía ou con minusválidos ao seu cargo reservárase o 2% de prazas de cesión permanente.
- c) Para cada vivenda poderanse solicitar como máximo dúas prazas.

ARTIGO 10.

O contrato de cesión permanente, da dereito á ocupación da praza de maneira exclusiva

ARTIGO 11

Poderán solicitarse directamente no aparcamento este tipo de prazas, mantendo o concesionario un rexistro de solicitudes por orde de entrada, e cubríndose as vacantes existentes ou que se xeren atendendo aos criterios detallados no artigo seguinte.

ARTIGO 12

Previa comprobación dos requisitos establecidos, o número de orde das solicitudes determinarase en función da data de presentación da solicitude. No caso daquelas vivendas que soliciten dúas prazas, a segunda solicitude incluírase en lista tras finalizar a lista de solicitudes de primeira praza, aplicándose novamente o criterio anterior para determinar o número de orde entre as segundas prazas solicitadas.

Unha vez esgotado o prazo e adxudicada unha praza a todos os residentes solicitantes, adxudicaranse ata fin de oferta dispoñible as segundas prazas solicitadas por este colectivo por orde de solicitude, sempre que cumpran os requisitos establecidos.

ARTIGO 13

Realizado o proceso de adxudicación das prazas, a concesionaria notificará, mediante carta certificada con acuse de recibo, aos solicitantes beneficiarios a necesidade da comparecencia do petionario na súa sede social para formalizar o contrato correspondente, establecéndose un prazo máximo de 15 días naturais,



contados a partires da recepción da notificación, entendéndose que renuncia ao seu dereito de non facelo en dito prazo.

ARTIGO 14

Cos solicitantes que reunindo os requisitos non obteñan prazas de estacionamento, e aqueles que presenten a súa solicitude tras finalizar o prazo inicial sen existir prazas libres, confeccionarase unha lista de espera, e no caso de que quedasen prazas libres.

ARTIGO 15

O abono da dereito á utilización do aparcadoiro exclusivamente ao tres vehículos cuxos datos figuren no rexistro de inscrición, non senda válido para outros vehículos, aínda que fora do mesmo propietario. Se por causas de forza maior (avarías, accidentes, etc, o cliente tivera a necesidade de utilizar provisionalmente un vehículo diferente aos rexistrados, terá que comunicalo previamente á concesionaria con xustificación suficiente da causa de forza maior. De non facelo así, terá que satisfacer as estancias de acordo coas tarifas vixentes para os clientes de rotación. No caso de substitución definitiva de algún vehículo ou do titular da praza de cesión permanente, o cliente comunicarao cunha antelación mínima de 7 días naturais para que a empresa poida actualizar os datos da inscrición e da tarxeta de abono, acreditando en todo caso que o novo titular está empadroadado no Concello de Porriño.

ARTIGO 16

O cliente de prazas de cesión permanente, ten que cumprimentar o documento expreso, cos seus datos persoais, bancarios e dos vehículos autorizados. De igual forma, para debe achegar fotocopia dos seguintes documentos:

- DNI do solicitante.
 - Certificado de empadramento.
 - Pago da primeira mensuralidade, máis a adquisición da chave de acceso.
 - Certificado/cartón de mobilidade reducida (en caso de optar a prazas destinadas ao uso).
-



- Permiso de circulación
- Cartón de inspección técnica
- Último recibo da póliza de seguro de todos os vehículos autorizados (ata 3 por praza).

Respecto aos datos facilitados polos usuarios, cabe observar en todo momento o que establece a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro..

En caso de substitución de vehículo, o cliente teno que comunicar á empresa antes que acceda ao aparcadoiro, para que a empresa poida actualizar os datos do contrato.

Renuncia. O interesado disporá de 3 días hábiles desde a data de contratación para poder renunciar ao contrato, a condición de que dispoña de razóns obxectivas. Enténdese como razóns obxectivas aquelas que por forza maior impidan o estacionamento do vehículo. Se se dese o caso, deixarase constancia en o documento de baixa.

Calquera variación dos datos persoais do cliente ten que ser comunicada á empresa.

ARTIGO 17

A empresa concesionaria entregará aos clientes das prazas de cesión permanente unha tarxeta codificada que será de uso obrigatorio tanto na entrada como na saída do vehículo . Ao recibir a tarxeta de abonado, o cliente satisfará a cantidade que se fixe en concepto de depósito, que lle será devolta cando se produza a súa baixa, sempre que devolva a tarxeta en perfecto estado de uso. Se por causas non imputables á empresa concesionaria fora preciso entregarlle unha tarxeta nova a un cliente, este abonará a cantidade que a tal efecto se fixe en concepto de custo de substitución.

ARTIGO 18

A perda o subtracción da tarxeta de abonado terase que comunicar á empresa concesionaria inmediatamente.

ARTIGO 19

A efectos de control, o cliente colocará, mentres dure o abono, en lugar visible do vehículo, un pequeno adhesivo acreditativo da condición de abonado.

ARTIGO 20

A cesión permanente da dereito exclusivamente a ocupar unha das prazas reservadas para este colectivo, e sinalizadas como tales polo concesionario. Queda prohibida a ocupación das prazas en rotación ou reservadas ao abono libre. No caso de contravir esta prohibición, o usuario deberá aboar as correspondentes tarifas de rotación pola estancia realizada.

ARTIGO 21

21.1.-

O pagamento das cotas farase do seguinte xeito:

- a) O Canón de cesión correspondente os 20 anos, e a tarifa de emisión de tarxeta, no intre de subscribir o contrato coa concesionaria.
- b) As tarifas mensuais de mantemento nos cinco primeiros días de cada mes.

21.2.-

O cliente de prazas de cesión permanente, ten que cumprimentar o documento expreso, cos seus datos persoais, bancarios e dos vehículos autorizados. De igual forma, para debe achegar fotocopia dos seguintes documentos:

- DNI do solicitante.
 - Certificado de empadramento.
 - Pago Canón de cesión correspondente os 20 anos e a tarifa de emisión de tarxeta
 - Certificado/cartón de mobilidade reducida (en caso de optar a
-



prazas destinadas ao uso).

- Permiso de circulación
- Cartón de inspección técnica
- Último recibo da póliza de seguro de todos os vehículos autorizados (ata 3 por praza).

Respecto aos datos facilitados polos usuarios, cabe observar en todo momento o que establece a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro..

En caso de substitución de vehículo, o cliente teno que comunicar á empresa antes que acceda ao aparcadoiro, para que a empresa poida actualizar os datos do contrato.

Renuncia. O interesado disporá de 3 días hábiles desde a data de contratación para poder renunciar ao contrato, a condición de que dispoña de razóns obxectivas. Enténdese como razóns obxectivas aquelas que por forza maior impidan o estacionamento do vehículo. Si se dese o caso, deixarase constancia en o documento de baixa.

Calquera variación dos datos persoais do cliente ten que ser comunicada á empresa.

ARTIGO 22

O impago das tarifas de mantemento correspondente a dous meses, na data fixada significará a cancelación automática do dereito.

Neste caso, se o vehículo continúa no aparcamento, será preciso satisfacer a súa estancia ao prezo da tarifa vixente para os usuarios en réxime de rotación.

CAPÍTULO 2 . PRAZAS DE USUARIO ABONADO

ARTIGO 23

A empresa concesionaria queda facultada para rescindir o abono, previo trámite de audiencia ao abonado, no caso de que este incumpra algunha das normas de funcionamento previstas neste regulamento.

CAPÍTULO 3 . PRAZAS DE USUARIO ABONADO

ARTIGO 24

O número de prazas destinadas ás distintas modalidades de abono será fixado discrecionalmente polo concesionario.

ARTIGO 25

Poderán establecerse os seguintes tipos de abonos de alugamento de prazas de aparcamento:

Abono mensual completo. Uso indiscriminado da praza de garaxe as 24 horas do día por período de un mes.

Abono anual diúrno. Uso indiscriminado da praza de garaxe das 8.00 horas ás 21.00 horas por período de un ano.

- Abono anual nocturno. Uso indiscriminado da praza de garaxe das 21.00 horas ás 8.00 horas por período de un ano.

As tarifas máximas (incluído IVE) a aplicar para este réxime de uso estarán expostas ao público en lugar ben visible.

ARTIGO 26

O abono da dereito á utilización do aparcamento exclusivamente a un máximo de tres vehículos cuxos datos figuren no rexistro de inscrición e non é válido para outros vehículos, aínda que fará do mesmo propietario, agás autorización expresa do concesionario. Se por causas de forza maior (avarías, accidentes, etc), o cliente tivera a necesidade de utilizar provisionalmente un vehículo diferente ao dado de alta como abonado, terá que solicitar a autorización con antelación necesaria, pois, de non facelo así, terá que satisfacer as estancias de acordo coas tarifas vixentes para os clientes de rotación. No caso de substitución definitiva do vehículo, o cliente o comunicará antes para que a empresa poida actualizar os datos da inscrición e da tarxeta de abono. Calquera variación dos datos persoais do cliente deberá ser comunicada á empresa concesionaria.

ARTIGO 27

A empresa concesionaria entregará aos clientes abonados unha tarxeta codificada ou elemento equivalente que será de uso obrigatorio tanto na entrada como na saída do vehículo abonado.

ARTIGO 28

Ao recibir a tarxeta de abonado, o cliente satisfará a cantidade que se fixe en concepto de depósito, que lle será devolta cando se produza a súa baixa, sempre que devolva a tarxeta en perfecto estado de uso. Se por causas no imputables á empresa concesionaria fora preciso entregarlle unha tarxeta nova a un cliente, éste abonará a cantidade que a tal efecto se fixe en concepto de custe de substitución.

ARTIGO 29

No caso de utilización do aparcamento fora dos horarios de abono concertado, deberase satisfacer o tempo excedido, ao prezo da tarifa vixente para os usuarios en réxime de rotación.

ARTIGO 30

A non utilización da correspondente tarxeta na entrada ou na saída do aparcamento, agás no caso de avarias ou causas xustificadas, que terán que ser comunicadas inmediatamente, comportará pagamento da estancia que marquen as tarifas vixentes para o usuario en réxime de rotación.

ARTIGO 31

A perda ou subtracción da tarxeta de abonado terase que comunicar á empresa concesionaria inmediatamente. A efectos de control, a empresa concesionaria esixirá ao cliente a colocación, mentres dure o abono, en lugar visible do vehículo, dun pequeno adhesivo acredita tivo da condición de abonado.

ARTIGO 32

O pagamento das cotas de abono farase do seguinte xeito:



- a) A tarifa de abono a, máis da tarxeta no intre de subscribir o abono.
- b) As cotas sucesivas, nos primeiros cinco días de cada mes.

ARTIGO 33

O impago de dúas cotas consecutivas na data fixada, significará a cancelación automática do dereito de abono. Neste caso, se o vehículo continúa no aparcamento, será preciso satisfacer a súa estancia ao prezo da tarifa vixente para os usuarios en réxime de rotación.

A falta de pagamento ou devolución da cota comporta o bloqueo de acceso ao aparcamento ata que normalice a súa situación económica. Mentres que o contrato estea en vigor, deberá abonar o importe correspondente aos días que permaneceu bloqueada a praza, calculado en función da tarifa de rotación.

ARTIGO 34

A relación contractual que se estableza entre o concesionario e os usuarios entenderase tacitamente prorrogada por períodos sucesivos, agás comunicación en contra por parte do usuario. A baixa no abono terá que comunicarse de forma fehaciente e cunha antelación mínima de quince días naturais. Non se admitirán baixas temporais de ningún tipo no abono. O feito de haber estado abonado e causar baixa no xerará ningún dereito para o caso de que posteriormente se solicite novo abono.

ARTIGO 35

A empresa concesionaria queda facultada para rescindir o abono, previo trámite de audiencia ao abonado, no caso de que este incumpra algunha das normas de funcionamento previstas neste regulamento.

ARTIGO 36

Para subscribir o contrato para duracións superiores as diúrnas, o usuario ten que cumprimentar o documento expreso, cos seus datos persoais, bancarios e de os vehículos autorizados. De igual forma, para debe

achegar fotocopia de os seguintes documentos:

- DNI do solicitante.
- Pago da primeira mensuralidade, máis a adquisición da chave de acceso..
- Certificado/cartón de mobilidade reducida (en caso de optar a prazas destinadas ao uso).
- Permiso de circulación
- Cartón de inspección técnica
- Último recibo da póliza de seguro de todos os vehículos autorizados (ata 3 por praza).

Respecto aos datos facilitados polos usuarios, cabe observar en todo momento o que establece a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro..

En caso de substitución de vehículo, o cliente teno que comunicar á empresa antes que acceda ao aparcadoiro, para que a empresa poida actualizar os datos do contrato.

Renuncia. O interesado disporá de 3 días hábiles desde a data de contratación para poder renunciar ao contrato, a condición de que dispoña de razóns obxectivas. Enténdese como razóns obxectivas aquelas que por forza maior impidan o estacionamento do vehículo. Si se dese o caso, deixarase constancia en o documento de baixa.

Calquera variación dos datos persoais do cliente ten que ser comunicada á empresa.

CAPÍTULO 4. PRAZAS DE USUARIO DE ROTACIÓN

ARTIGO 37

O número de prazas destinadas a rotación será como mínimo o 50% das existentes. As tarifas para o sistema de rotación serán as establecidas no contrato de adxudicación da concesión, e no seu caso, débense cobrar por minuto de estacionamento sen posibilidade de redondeos a unidades de tempo non efectivamente consumidas ou utilizadas.

ARTIGO 38

O usuario deberá satisfacer, antes de que o vehículo poida saír do aparcamento, o importe da súa estancia horaria segundo as tarifas vixentes en cada momento.

Unha vez abonado o importe correspondente á estancia do seu vehículo, o usuario deberá abandonar o aparcamento no prazo máximo de doce minutos. No caso contrario o concesionario poderá cobrarlle os minutos que excedan de dito tempo ata efectuar a saída.

O usuario deberá estacionar o seu vehículo nunha soa praza, non interferindo nas contiguas. O concesionario poderá tarifar ao usuario que estacione o seu vehículo indebidamente o importe correspondente a tantas prazas como ocupe ou impida o aparcamento doutro vehículo en tales espazos.

ARTIGO 39

No caso de perda do ticket, antes o despois do seu abono na caixa, o usuario deberá abonar, en concepto de depósito, o importe correspondente a vinte catro horas, sempre e cando o vehículo non permanecese no aparcamento máis de vinte catro horas. Unha vez apareza o ticket, procederase a devolver, no seu caso, o importe cobrado en exceso.

ARTIGO 40

O concesionario deberá entregar ao usuario o recibo xustificante do pagamento da estancia no aparcamento.

TÍTULO III. OUTRAS INSTALACIÓNS

ARTIGO 41

Dende o punto de vista sanitario, o concesionario deberá manter estas instalacións en correcto estado de conservación, limpeza e desinfección.

ARTIGO 42

O aparcadoiro contará, ao menos, cun recinto destinado a caixa



Concello do Porriño

DOCUMENTACIÓN PREPARATORIA CONTRATO DE CONCESIÓN DEL PARKING MUNICIPAL

REGULAMENTO XERAL DE RÉXIME INTERIOR DO SERVIZO DO APARCADOIRO
SOTERRADO MUNICIPAL SITO NA AVENIDA DE GALICIA, NO CONCELLO DO PORRIÑO

atendido por persoal do aparcadoiro durante as vinte catro horas do día e durante todos os días do ano. Tanto nos caixeiros manuais como automáticos deberá admitirse o pagamento mediante tarxeta de crédito.

ARTIGO 43

Queda expresamente prohibida a colocación de carteis publicitarios no interior do aparcadoiro, agás autorización expresa do Concello.

ARTIGO 44

Resulta obrigatoria a redacción en galego de calquera aviso ou información escrita que realiza a concesionaria.

TITULO IV. INSPECCIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME DE EXPLOTACIÓN

ARTIGO 45

A empresa concesionaria permitirá, en calquera momento, que o Concello poida inspeccionar o estado de conservación do aparcamento e de todas as súas instalacións, así como o xeito no que se desenvolve a actividade e presta o servizo, podendo verificar se a ocupación do aparcadoiro se corresponde coas cláusulas do prego, abrigándose a empresa concesionaria a facilitar ao Concello os datos de ocupación cando esta así o interese. As posibles indemnizacións a terceiros polos danos que poida producir o funcionamento do servizo, por causa imputada ao concesionario ou ao persoal ao seu servizo serán asumidas pola empresa concesionaria, agás no suposto de que a responsabilidade dimanara do cumprimento dunha orden directa da Administración Municipal. A empresa concesionaria velará polo bo orde do servizo, e ditará as instrucións necesarias.

TITULO V. RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 46

A infracción de calquera dos artigos da presente Ordenanza, así como as disposicións que no seu desenvolvemento dítense polo Concello, terá a consideración de infracción ás normas de ordenación de tráfico e circulación e traerá consigo a imposición de sancións mediante o procedemento legal establecido.

Se considerará infraccións leves as seguintes condutas:

- Aparcar nunha praza reservada para o Concello, entidade ou persoa física coa debida sinalización.
- Deixar o coche estacionado nunha praza para abonados fóra do horario que teñan autorizado.
- Utilizar para o estacionamento máis do espazo indicado sinalizado para unha praza.
- Calquera outro incumprimento do estipulado nesta ordenanza e que non estea tipificado como falta grave ou moi grave.

Considerarase infraccións graves as seguintes condutas:

- Aparcar nunha praza reservada para uso exclusivo de persoas con cartón de mobilidade reducida. Manter calquera tipo de animal vivo ou persoa ascendente ou descendente ao seu cargo no interior do vehículo.
- Estacionar o vehículo en vía de paso de vehículos impedindo ou dificultando a circulación do resto de vehículos..
- Non respectar a sinalización interior do aparcadoiro.
- Non respectar o sentido da marcha dentro do estacionamento ou non utilizar correctamente a porta de entrada e saída conforme corresponda.

Considerarase infraccións moi graves as seguintes condutas:

- A permanencia de calquera persoa que non xustifique lexitimamente a súa estancia no interior do parking. Entenderase



Concello do Porriño

DOCUMENTACIÓN PREPARATORIA CONTRATO DE CONCESIÓN DEL PARKING MUNICIPAL

REGULAMENTO XERAL DE RÉXIME INTERIOR DO SERVIZO DO APARCADOIRO
SOTERRADO MUNICIPAL SITO NA AVENIDA DE GALICIA, NO CONCELLO DO PORRIÑO

que a presenza dunha persoa está xustificada cando acuda ou acompañe a retirar un vehículo dos estacionados ou teña calquera outro interese lexítimo na estancia no interior do parking.

As faltas leves sancionaranse con 100 €, as graves con 200 € e as moi graves con 500 €.

O réxime sancionador aplicable ao presente regulamento será o que se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

ARTIGO 47

O presente regulamento estará a disposición do público no aparcadoiro e a subscrición de calquera tipo de contrato de abono suporá a asunción das disposicións nel contidas. Igualmente a recepción do ticket de entrada ao aparcadoiro suporá a admisión do contido deste regulamento de réxime interior.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, logo da publicación do seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia, unha vez de tivera transcorrido o prazo de quince días establecido no art. 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.